

C U R S O S E C O N G R E S O S

A lingüística galega desde alén mar



EDICIÓN A CARGO DE
Gabriel Rei-Doval

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

publicacións

Análise dunha práctica comunicativa tradicional galega desde a perspectiva da etnografía da comunicación: os lavadoiros

ELOI GESTIDO DE LA TORRE

Universidade de Vigo

RESUMO

En xeral, o noso interese de estudo oriéntase cara á descrición e análise dos principais factores (de tipo social, cultural e comunicativo) que interveñen nas interaccións cotiás producidas en diversos contextos de situación dentro da nosa comunidade de fala. En concreto, no presente traballo centrámonos naquelas que se producen entre os usuarios dos lavadoiros públicos tradicionais, e ofrecemos algunhas valoracións sobre as implicacións socioculturais que comportan tales actividades.

Para sistematizar estas prácticas comunicativas, adoptamos a perspectiva que ofrece a etnografía da comunicación (Hymes, 1962, 1964; Gumperz & Hymes, 1964). Consideramos estas interaccións contextualizadas en función dos conceptos de situación e evento comunicativo, recoñecemos a existencia duns *eventos comunicativos de lavadoiro* (como subxénero discursivo) e realizamos a súa descrición a partir do modelo de análise etnográfica proposta por Hymes (1967): o modelo SPEAKING.

Palabras clave: etnografía da comunicación, evento comunicativo, análise etnográfica, lavadoiro, modelo SPEAKING.

1. Introducción

Os lavadoiros son pequenas construcións de carácter popular e de titularidade pública, construídas nas aldeas e vilas, que lles permiten ós seus usuarios desenvolver un labor de primeira necesidade: o lavado de roupa. Precisamente por seren públicos, con frecuencia concorren diversas persoas –na maioría dos casos, xa coñecidas por pertenceren á mesma comunidade (de veciños, de amigos, de familiares, etc.)– entre as cales se producen interaccións constantes, obxecto do noso estudo.

A práctica do lavado de roupa realizábase tradicionalmente nos *ríos de lavar*¹. Hai pouco máis dun século, estes lugares foron acondicionados coas construcións que hoxe coñecemos² e que constitúen propiamente os lavadoiros. Hoxe por hoxe, e dende hai aproximadamente medio século, estes espazos deixaron de utilizarse de maneira xeneralizada, en parte pola *revolución tecnolóxica* que vivimos durante este tempo, que modificou os nosos hábitos de comportamento e a nosa percepción do mundo. A tendencia deste tipo de prácticas oríentase, cada vez máis, á desaparición³; de feito, como mostra do carácter residual que cada vez máis adquiren estas actividades, obsérvase unha percepción social que identifica o uso do lavadoiro público con estilos de vida non urbanos, baseados culturalmente en hábitos de comportamento tradicionais e con estratificacións sociais de escasos recursos económicos.

¹ Segundo contan as propias entrevistadas, con anterioridade ó recente levantamento dos lavadoiros, as mulleres xa se axeonllaban no chan aproveitando as chamadas *augas libres* (Rivas Quintas, 2000): as propias marxes dos ríos, regatos, regos, mananciais, pequenas lagas ou poceiras formadas con pedras, etc. Diversos autores constatan esta práctica na nosa comunidade polo menos desde a Idade Media (Rivas Quintas, 2000; Vega Cerqueiro, 2002).

² Nas vilas e cidades da nosa comunidade, non foi ata pouco antes do século XIX cando se empezaron a construír os lavadoiros propiamente ditos (Rivas Quintas, 2000: 210-211), entendidos como construcións que facilitaban ou acondicionaban o lavado. Nas zonas rurais houbo que esperar ó século XX, en moitos casos mesmo ós anos de 1930 ou posteriores, para que se coñecesen este tipo de adiantos. A construción dos lavadoiros favoreceu e mellorou de maneira esencial as condicións da *rutina* do lavado, e por este motivo se lle recoñece a súa importante función social.

³ Na nosa comunidade, a pesar disto, aínda se continúan a utilizar os lavadoiros públicos. De feito, de trinta e sete lavadoiros visitados na península do Morrazo (provincia de Pontevedra), manteñen o seu funcionamento trinta e tres, malia que non a pleno rendemento (a maioría de maneira circunstancial, durante o verán ou só para roupas de gran volume); dous foron restaurados na actualidade (con intereses turísticos e de conservación etnográfica); en cambio, non foi construído ningún lavadoiro novo recentemente.

2. Os lavadoiros desde a etnografía da comunicación

A etnografía da comunicación propuxo desde 1962 unha serie de principios teóricos e metodolóxicos (Hymes, 1962, 1964; Gumperz & Hymes, 1964) que consideramos axeitados para o desenvolvemento do noso traballo. Interésanos neste momento destacar a proposta de Dell Hymes sobre as chamadas *unidades sociais*, conceptos cos cales trata de segmentar ou descompoñer analiticamente a realidade sociocultural, que é abstracta, en elementos recoñecibles ou identificables –e, polo tanto, analizables– para o investigador.

Unha das primeiras propostas é a *situación comunicativa* (Hymes, 1967), que se pode definir como aquela entidade de natureza social e cultural (de carácter abstracto e amplo) que identifica parcelas da realidade institucionalizadas tradicionalmente como, por exemplo, unha voda, un bautizo (e cerimoniais similares), unha comida, etc. De acordo con esta definición, en termos xenéricos entendemos que a tradición *do lavado* nos lavadoiros públicos se pode considerar como unha *situación comunicativa de lavadoiro*⁴.

Unha situación comunicativa, por definición⁵, alberga no seu interior actividades de tipo interaccional. Considerando as situacións comunicativas de lavadoiro, estas prácticas desenvolven unha función sociocomunicativa importante ó permitiren establecer o contacto entre os membros da comunidade (ó lado, por suposto, da práctica cultural inherente do lavado de roupa). Cada unha das frecuentes interaccións producidas no interior dos lavadoiros a etnografía da comunicación coñéceas como *eventos comunicativos*⁶ (Hymes, 1967), e en

⁴ Para a designación deste tipo de situacións recorreremos á denominación *de lavadoiro*, mellor ca *de lavado*, para evitar posibles confusións coa acción xeral do lavado (en fogares, lavanderías, industrias de lavado, etc.). Utilizamos como parte da denominación o lavadoiro, ademais, polas implicacións socioculturais que posúe ese espazo tradicional.

⁵ Para Hymes (1967: 19) “within a community one readily detects many situations associated with (or masked by the absence of) speech. Such contexts of situation will often be naturally described as ceremonies, fights, hunts, meals, love-making and the like”.

⁶ *Un evento comunicativo (speech event)* defínese como aquela unidade social que se alberga no interior dunha situación comunicativa e que comprende aquelas interaccións que teñen regulados os usos dos códigos comunicativos: “The term speech event will be restricted to activities, or aspects of activities, that are directly governed by rules for the use of speech” (Hymes, 1967: 19). Os eventos comunicativos teñen implícitas, polo tanto, unhas normas que controlan de maneira directa os usos comunicativos. Entre elas, podemos situar aquelas que regulan a fala, ora para que esta se produza (entrevistas, conversas telefónicas, conferencias, conversas coloquiais, etc., onde o código oral é primordial), ora para que non se produza (exame escrito, funeral, partida de xadrez, etc., onde os códigos fundamentais son outros).

tanto que nos situamos no contexto sociocomunicativo e psicolóxico do lavadoiro, denominarémolas *eventos comunicativos de lavadoiro*.

Para analizar os eventos comunicativos, aplicaremos o modelo *Speaking* de Hymes (1967, 1972), que recolle un conxunto de factores descritivos que, ó xuízo do propio autor, sitúan e condicionan estas unidades sociais: S (*ambientación e escena psicosocial*), P (*participantes*), E (*fin*), A (*aspectos secuenciais da fala*), K (*clave interpretativa*), I (*instrumentos*), N (*normas de uso*), G (*xénero*).

A recollida do material obxecto de estudo realizouse a través de observación participante (Duranti, 1994: 20; 2000: 131), con gravación consentida (en audio nalgúns casos e en vídeo noutros). Para iso, delimitamos como área de traballo o territorio peninsular do Morrazo, no cal visitamos 37 lavadoiros; deles, seleccionamos en concreto dous polo seu carácter representativo: o lavadoiro da Grela (LAVGRE, zona rural de Marín) e o lavadoiro do Carregal (LAVCAR, zona semiurbana de Marín). De cada un obtivéronse dúas gravacións en vídeo, que se realizaron entre os meses de outubro e novembro de 2005 (LAVGRE1 e LAVGRE2, LAVCAR1 e LAVCAR2). O material audiovisual foi procesado segundo as técnicas usuais (Cardona, 1976: 237-248; Duranti, 2000: 173-223, 455-465; Raga Gimeno, 2005: 17-72).

3. Os eventos comunicativos de lavadoiro

Para a descrición dos eventos comunicativos de lavadoiro, partimos do modelo de Hymes na súa versión de 1972 e incorporámoslle conceptos formulados con posterioridade desde disciplinas como a pragmática, a análise do discurso ou a análise conversacional (Gestido de la Torre, 2005, 2006, 2007). As principais características dos eventos comunicativos de lavadoiro presentámoslas de acordo coa estrutura que marca o propio modelo *Speaking* (Bachmann *et al.*, 1981: 60; Baylon, 1991: 272; Cots, 1998: 54).

3.1. *Ambientación e escena psicosocial (S, setting)*

3.1.1. *Ambientación* (marco espacial e temporal). Consideramos os conceptos de *fronteiras* (Duranti, 1994: 46), tanto espaciais como temporais, nas súas modalidades *externas* (observables polo investigador, obxectivables) e *in-*

ternas (menos evidentes, distribución que establecen os propios participantes de acordo cos roles conversacionais que asumen).

3.1.1.1. Fronteiras espaciais externas. Os dous lavadoiros analizados sitúanse na parroquia de San Xulián, no concello de Marín: o lavadoiro da Grela (en zona rural) e o lavadoiro do Carregal (en zona semiurbana). Ambos os dous delimitan as fronteiras espaciais de maneira moi clara en tanto que posúen muros que cercan o espazo –os participantes, polo tanto, saben cando *entran* e cando *saen* do lavadoiro, quen está *fóra* e quen *dentro*⁷– e que se manteñen a unha altura distinta (inferior) á que marca o nivel do camiño. No lavadoiro da Grela (rural), o espazo presenta algunhas deficiencias que contrastan co remate detallado do lavadoiro do Carregal (que mesmo posúe na fronte da fonte a data de construción en relevo, malia que ilexible)⁸. O lavadoiro do Carregal destaca pola súa capacidade de cabida, pois o seu tamaño aproximado é de 15 m de longo (de 15 persoas de cabida), fronte ó da Grela, de catro (de oito persoas de cabida); o lavadoiro do Carregal aproveita o lavado por un lado do tanque, mentres que o da Grela o fai polos dous lados máis longos.

3.1.1.2. Fronteiras espaciais internas. Os participantes dispóñense a carón do tanque, situados de pé pero inclinados lixeiramente cara adiante, atendendo a tarefa en cuestión. No caso do lavadoiro do Carregal, por non aproveitar os dous lados do depósito de auga, os participantes manteñen durante as conversas unha posición en paralelo entre si, o cal non impide que en moitas ocasións se deteña a actividade do lavado e haxa un momento –breve– en que se interactúe cara a cara, de pé. No caso do lavadoiro da Grela, o feito de utilizar os dous lados do tanque permite unha interacción máis fluída cara a cara co participante ou participantes situados en fronte.

⁷ É curioso sinalar o feito de que as lavadeiras non nos prestaron *demasiada* atención ata que franqueamos as fronteiras do lavadoiro. Malia ser un espazo público, nalgúns casos sentíanse *invadidas* pola nosa presenza e mesmo preguntaban o porqué da nosa visita (recoñeciannos como elementos alleos ó evento comunicativo).

⁸ Polo demais, están constituídos por un tanque acumulador de auga construído en pedra do país con forma cúbica, de base rectangular, en cuxos laterais, de media altura, se sosteñen unhas lousas (laxas) inclinadas contra dentro, sobre as cales se frega a roupa; están alimentados da auga corrente procedente dos ríos (río do Campo Carmelo para o lavadoiro da Grela, río do Carregal para o lavadoiro do Carregal), e van cubertos (o da Grela por unha placa de construción ruda, e o do Carregal por tellado). Adicionalmente, os dous posúen o servizo de fonte e o chan está empedrado (características distintivas en que repara Lorenzo, 1982).

En principio, en tanto que o lavadoiro é público e non existe, como veremos (apartado P), unha distinción de roles entre os participantes, ningún usuario ten lexitimado, predisposto ou asignado un espazo concreto. Polo tanto, cada lugar escóllese por *autoasignación* na medida en que van chegando os propios participantes. Con todo, si podemos constatar a existencia duns espazos *preferidos*: son espazos privilexiados que se sitúan próximos ó caudal de auga que enche constantemente o tanque (é a zona que goza de auga continua e limpa), onde se concentran normalmente os participantes. No corpus de conversas analizado percibimos que se producen pequenas secuencias de negociación esmerada e coitada do territorio, quizais para evitar posibles enfrontamentos entre os usuarios, que se activan ou xeran coa chegada de cada novo participante⁹.

No lavadoiro da Grela, quizais pola condición de situarse en zona rural (con menos usuarios e máis coñecidos), percíbese a existencia de participantes que acoden asiduamente e teñen un espazo asignado, *institucionalizado*. De feito, no seguinte exemplo (caso 1) os propios participantes comentan este feito.

- 331 C eu sempre lavo aí onde lava #nome# ↓
 332 (XXX)
 333 E [[[ac] eu sempre lavei aquí eh] ↑
 334 C [[[a][ac][f] onde está #nome# eu estou aí] →
 335 D [[a][f] [dc] si tamén eu →
 336 eu tamén me poño aí] ↓
 337 e #nome#
 (...) [continúan sinalando coa man espazos e asignándoos a
 outros P coñecidos]
 342 D EU [[dc] que sei] ↓
 343 eu sempre lavo
 344 (XXX)
 345 C eu collín o costume de ir pa aí
 346 (XXX)
 347 aquí lava #nome#
 (...)

⁹ Outros lugares preferentes poden establecerse en función da propia morfoloxía das lousas de lavado (respecto da altura, inclinación, aspereza, desgaste e amplitude da área de fregado), aspecto non detectado no noso corpus, pero comentado por algúns entrevistados.

- 349 C {[a][dc] **cada uno tiene su sitio**} [ton conclusivo, apoiado pola alternancia de código]
 350 D cada un ten o seu sitio [intervención ecoica, ton conclusivo]

Caso 1. LAVGRE2. Os participantes comentan a distribución cotiá dos seus lugares de lavado. Obsérvase que se produce unha alternancia de código (líña 349, cfr. K) por parte de C coa que procura concluír as intervencións repetitivas das outras participantes. Faino en castelán para manter un distanciamento con aquilo que di, tratando de mitigar a imposición da súa quenda (por autoselección) e o carácter exhortativo do seu enunciado.

No lavadoiro do Carregal, pola súa forma excesivamente alongada, cun só lado de lavado e corredor estreito, obsérvase un interese polo espazo preferido ou privilexiado, antes comentado, o cal orixina un trato sumamente delicado cada vez que se produce a chegada dun novo participante e trata de achegarse ó surtidor facéndose oco entre os outros usuarios, xa situados. Nos exemplos seguintes, vemos como piden permiso as mulleres para pasar polo corredor que se abre entre o tanque e o muro, e para que as demais lles fagan un oco (casos 2, 3 e 4). Dada a proximidade que existe entre os participantes, as negociacións realízanse tendo en conta o espazo que ocupa o territorio espacial (o espazo de lavado), o corporal (a proximidade cos outros P) e o territorio material (o uso do *meu* cepillo, do *meu* xabón, etc.), seguindo a terminoloxía de Goffman (1981).

- 184 D ola: ↓ [entra un novo participante e saúda]
 185 C ola: ↓
 186 colles ↑ [C mirando a D, referido ó paso polo corredor]
 187 D habemos de coller ↓
 188 B marchamos nós de aquí → [botándose a un lado]
 189 D na
 190 tranquila
 191 que a min non me molestades ↑
 192 C quito de aquí a carreta

Caso 2. LAVCARI. Chegada de novo P con conversa iniciada, negociación de paso e de espazo de lavado.

788 G	{[f] que mosa}	[entra un novo participante e saúda]
789 C	olá	[C xira a cabeza, mirando para G, mentres lava]
790	<7>	[G pousa o canastro e pon o mandil]
791 G	xa acabache o mono? ↑	[mirando para C]
792 C	que?	
793 G	xa terminache? ↑	
794 C	no	
795	no	
796	{[ac] estou terminando	
797	xa estou terminando}	[G vaise situar onde estaba C]
798	pódese poñer aí	
799	o que pasa é que te-la aghua desteñida ↓	

Caso 3. LAVCARI. Chegada de novo P con conversa iniciada, negociación de espazo de lavado.

804 F	aquí estou eu	
805	daquí parriba podes ir	
806 G	que dis	
807	#nome#	[saúda a H]
808 I	que queres que che diga ↓	[saúda a G]
809	<2>	
810	isto tamén é teu? ↑	
811 G	tamén ↓	

Caso 4. LAVCARI. Chegada dun novo P con conversa iniciada. Negóciase o espazo de lavado.

3.1.1.3. Fronteiras temporais externas. O evento comunicativo de lavadoiro ten a característica principal de se desenvolver a calquera hora do día, de luns a sábado, sempre en función dos horarios persoais dos seus participantes (que dependen, sobre todo, das tarefas domésticas ou laborais respectivas). De feito, no exemplo seguinte unha das participantes comenta que quere rematar pronto de lavar porque ten que atender os animais domésticos (caso 5).

- 2293 A {[p] [dc] e ás oito non se mira nada eh?} ↑ [mirando para E]
 2294 non se mira
 2295 pero ↑
 2296 E aora han se-las seis ↓
 2297 {[ac] polo menos} →
 2298 C {[p] menos vinte} ↓
 2299 E {[ac] aora hai que ir a buscarlle comida} pás ghaliñas ↑
 2300 e boTArlle →
 (...)
 2648 E mira [E acaba de lavar]
 2649 {[b] [dc] eu tiña que deixarvos meu fillos} ↓
 2650 C si
 2651 E eu teño que deixarvos ↑↑
 2652 porque:: →
 2653 A XXX
 2654 E porque XXX bota pás ghaliñas
 2655 A nós tamén
 2656 E nós temos que faser →
 2657 a ver se apañamos unha pouca palla ↑

Caso 5. LAVGRE1. *E* explica o que vai facer logo de rematar de lavar.

Pero esta liberdade horaria é relativa: o lavado no lavadoiro non se produce a todas as horas do día senón que existe unha limitación *natural* condicionada pola presenza da luz solar¹⁰, aspecto que se comentou no exemplo anterior (caso 5, liñas 2293-2294). Existen tamén limitacións culturais que fan considerar determinadas horas do día como non apropiadas para este tipo de actividades, e que se sitúan no mediodía (por razóns de preparación do xantar e por descanso despois da comida, tal e como temos comprobado). Así pois, podemos sinalar con carácter aproximado as horas do día en que acoden as lavandeiras ó lavadoiro entre as 9 ou 10 h da mañá e as 12 h do mediodía, e de 16 a 19 h (no inverno) ou 16 a 20-21 h (no verán).

¹⁰ Malia que non son obxecto de análise para este traballo, temos un caso dun lavadoiro semiurbano (en Mogor, Marín) e outro urbano (en Cangas) que teñen luz eléctrica e a xente acode con maior flexibilidade horaria porque se supera este inconveniente.

A duración concreta de cada evento comunicativo, de cada interacción, depende do tempo en que se desenvolva a práctica do lavado. Os catro eventos comunicativos analizados nos lavadoiros da Grela (LAVGRE1 e LAVGRE2) e do Carragal (LAVCAR1 e LAVCAR2) foron gravados pola tarde, nos sábados dos meses de outubro e novembro de 2005 (outono). A hora media de comezo é as 17 h e a duración media aproximada dos eventos é de 40 min.

Conversa	Hora de comezo (aprox.)	Duración (aprox.)
LAVGRE1-011005	17 h	60 min
LAVGRE2-191105	16 h	35 min
LAVCAR1-221005	18 h	47 min
LAVCAR2-121105	17 h	15 min

3.1.1.4. Fronteiras temporais internas. No evento comunicativo de lavadoiro cada muller vai lavar segundo a súa libre disposición e organización, como comentamos; de acordo con isto, non existen máis secuencias temporais có feito de que as mulleres (1) cheguen, (2) laven e (3) marchen. O evento comunicativo de lavadoiro, pois, convértese nunha rutina que cumpre directamente os obxectivos (véxase E), sen procesos ritualizados nin control por parte de roles culturais institucionalizados (como pode ser un sacerdote nunha misa ou un profesor nunha aula, por exemplo). Non obstante, si se observan unha serie de normas de obrigado cumprimento que regulan o comportamento dos participantes e a orde de lavado como, por exemplo, o feito de que primeiro se lave a roupa *branca* e despois a menos delicada (cfr. N).

3.1.2. Escena psicosocial. O lavadoiro representa típica e tradicionalmente un *espazo feminizado* (como tamén o é, por tradición, un salón de peiteado ou unha mercería), fronte ó *espazo masculinizado* que supón unha taberna, un taller de coches, etc. As actividades do lavado están adxudicadas ó rol da muller e ama de casa, e este espazo, por extensión, percíbese socioculturalmente do seu dominio, como constatan diversos investigadores (Rivas Quintas, 2000; Vega Cerqueiro, 2002), polo menos xa desde a Idade Media.

Os participantes recoñecen e adáptanse ás características da ambientación: asumen comodidades e incomodidades (condicións climáticas, temperatura da

auga, distancia da vivenda co lavadoiro, dificultade do lavado, transporte da roupa, etc.), saben que elementos van atopar nel (outros participantes, auga, lousado para a frega, etc.), que elementos deben levar para realizar o labor (xabón, cepillos, indumentaria, etc.), a que horas do día lavar (en función do seu traballo, das labores domésticas, etc.) e poden calcular o tempo que van tardar, por exemplo. En definitiva, a escena psicosocial do evento comunicativo de lavadoiro, en función do coñecemento cultural previo dos participantes ou da súa experiencia como usuarios, orienta un comportamento prototípico, ritualizado (actitudinal, comunicativo, etc.) característico: cada un sabe como relacionarse cos outros (véxase P e N) e existe unha disposición previa ó contacto; enténdese que durante o lavado é posible a interacción entre eles (mesmo estaría mal visto que non se producise se son coñecidos); sábese que temas tratar (véxase A) e como vai ser recibido e entendido algo que se comente (por exemplo, ante unha queixa, saber se se obterá o apoio dos outros, comprensión ou consello, cfr. K), por exemplo¹¹.

3.2. *Participantes (P, participants)*

Nos eventos comunicativos analizados interveñen un total de 18 participantes. As súas características principais son as seguintes: todos son de sexo feminino e de procedencia social rural, da propia localidade; a media de idade sitúase nos 40 anos (a idade máis avanzada é de 72 anos e a máis nova de entre 25 e 30 anos)¹². O número medio de participantes por evento comunicativo é de sete persoas, tanto para o lavadoiro da Grela como para o do Carregal. Todos levan unha indumentaria característica: mandilón, mandil, calzado impermeable, etc., e tamén utensilios necesarios para o desenvolvemento da actividade: xabón, cepillos, baldes, canastros¹³, poden levar carretas, etc.

¹¹ Malia que todo está contextualizado e xustifico (lavar a roupa, pedir algo, saudar tanto ó chegar como ó marchar, falar, bromear, etc.), tamén se demostra que durante estes eventos comunicativos, a través dunha negociación previa (na propia interacción), se poden *alterar* os parámetros establecidos e permitir que se realicen outras actividades distintas (como, por exemplo, ser gravados por unha videocámara, como foi o caso; iniciarse unha discusión entre distintos P, etc.).

¹² Non contamos para este cálculo unha nena duns catro anos de idade do lavadoiro da Grela nin outra dun ano de idade aproximada do lavadoiro do Carregal por non desenvolveren un papel activo dentro do evento comunicativo de lavadoiro.

¹³ É característico unha maneira tradicional de levar os canastros ou caldeiros, que aínda se ven neste tipo de situacións comunicativas levados á cabeza, sobre unha rolla.

Desde a perspectiva dos *roles sociolaborais*, a ocupación maioritaria é ama de casa (contando tanto as mulleres en idade de xubilación, maiores de 65, como as máis novas), pero participan tamén outro tipo de roles: profesora universitaria, estudante e varredora. Obsérvase que as relacións entre os participantes non van estar rexidas por este rol sociolaboral (que si sería transcendente noutros eventos comunicativos, como por exemplo nunha entrevista de traballo)¹⁴.

Atendendo o punto de vista dos *roles socioculturais*, as relacións mantéñense no ámbito veciñal (son coñecidas, amigas, veciñas, familiares). Non se identifican uns roles característicos do evento comunicativo de lavadoiro; tan só podemos comentar caracteristicamente que o espazo está ocupado en exclusiva por mulleres (cfr. 3.1: S)¹⁵. Relacionado con estes roles, analizamos a relación conversacional (funcional e pragmática) que se establece entre os participantes (*roles conversacionais*). En tanto que nin sociolaboral nin socioculturalmente se producen conflitos, desigualdades, xerarquías, etc., a relación entre os participantes no contexto dos lavadoiros ten a peculiaridade da *harmonía*. Conversacionalmente, a interacción sucédese entre nais, fillas, veciñas, amas de casa, varredoras, xubiladas, etc., e todas participan en igualdade de condicións no lavadoiro.

3.3. Fins (E, ends)

Todos os eventos comunicativos que existen nunha comunidade de fala teñen xustificación social e cultural en tanto que desenvolven unha función no seu interior. Para a análise dos eventos comunicativos, Duranti (1994: 41-45), baseándose en Hymes (1972), establece unha distinción entre os fins *sociais* (os que persegue globalmente o evento comunicativo) e os *subxectivos* (os que persegue cada participante asistindo ó evento comunicativo); tales fins, á súa vez,

¹⁴ Tradicionalmente, existía un rol sociolaboral exclusivo deste tipo de eventos comunicativos de lavadoiro: a lavandeira, muller que lavaba a roupa a cambio dun salario (Lorenzo 1983: 176 e ss.; Vega Cerqueiro, 2005). Hoxe é inexistente, polo menos no corpus de conversas que analizamos.

¹⁵ Por exemplo, nun evento comunicativo de sobremesa si debemos considerar relevante o rol sociocultural de nai, pai, filla, avó, etc., porque ten repercusións no propio comportamento entre os participantes (cfr. Gestido de la Torre, 2005, 2007). Aínda observando que en dous casos distintos participa unha nai que lava ó carón da súa filla, non se observa que unha relación sociocultural (familiar) oriente ou condicione a marcha do evento comunicativo nin a relación entre estes P; máis ó contrario, o trato entre eles é moi igualado –quizais pola idade de cada unha das fillas, xa adultas (de 34 e entre 30 e 35 anos) ou quizais por estaren en contexto público, fóra do ámbito familiar.

poden ser *declarados* (coñécense ou supóñense) ou *latentes* (non declarados, de interese particular para cada participante).

O lavado de roupa é o *fin social declarado* que xustifica tradicionalmente o evento comunicativo dos lavadoiros. De maneira secundaria, os usuarios poden recoñecer que, mentres lavan a roupa, pasan o tempo *charlando* coas veciñas, amigas ou familiares que acudan tamén, cos cales poder intercambiar información, contar problemas, ofrecer novas sobre terceiras persoas. En definitiva, socializarse ou ter contacto social¹⁶ constitúe, desde o noso punto de vista, o *fin social latente* do evento comunicativo.

De acordo co plano *subxectivo*, a inexistencia de roles conversacionais distintos fai que o *fin declarado* do lavado sexa común e coincida co fin social: todos os participantes manifestan que acoden ó lavadouro porque teñen roupa que lavar. Lavar no lavadouro favorece o contacto social con outras veciñas, amigas ou familiares; isto ameniza e entretén o proceso laborioso de lavado, feito que se converte no *fin subxectivo latente principal*. Outros fins subxectivos latentes debemos imaxinalos: supoñamos que unha veciña vai unha tarde lavar ó lavadouro, que utiliza como escusa porque sabe que vai estar outra veciña coa que pretende intercambiar certo tipo de información (novas sobre terceiras persoas, historia de queixa, rexoubas, etc., cfr. A); supoñamos que outras persoas acoden con regularidade ós lavadoiros para abandonar por un tempo a monotonía do traballo doméstico e contactar con outras persoas; supoñamos que alguén se introduciu no evento comunicativo porque pretendía servir de *gancho* para realizar un estudo sobre os lavadoiros (introducirnos a nós na escena, como foi o caso), etc.

3.4. Aspectos secuenciais da fala (A, act sequence)

3.4.1. Forma. A neutralización ou equiparación de roles sinalada no apartado precedente (cfr. P) condiciona as relacións espaciais (cfr. S) e, desde o punto de vista conversacional, a interacción evoluciona sen estar orientada nin dirixida por ningún participante. Cada participante entra de maneira libre (sen ningún trámite, como solicitar permiso) e pode decidir introducirse na conversa existente, iniciar outra conversa con outro ou outros P á marxe dalgunha xa iniciada,

¹⁶ Este fin secundario dos lavadoiros válelle a Rivas Quintas (2000: 213) como escusa para recoñecer este espazo como "ágora femeníl de repaso local".

non manter ningún tipo de contacto con ninguén (aínda que neste suposto é inevitable que, por razóns de cortesía, saúde cando entre ou saia), etc. Tampouco existirá un rol lexitimado para interromper unha conversa, para mandar cambiar de sitio ou mesmo ordenar silencio, por exemplo. A diferenza doutros eventos (como unha sobremesa, unha clase, unha misa, unha entrevista, etc.), nos lavadoiros observamos que non é necesaria a fala para que o evento comunicativo inicie (precisamente, o feito de non producirse fala sería unha das características do evento).

Nos lavadoiros analizados, atopamos diversas situacións: en LAVCAR1 dúas mulleres lavan no lavadoiro e non falan entre elas ata que entran outros participantes (o cal demostra que non falaban simplemente porque non se tiñan nada que dicir); en LAVGRE1 e LAVCAR2 vemos o exemplo dunha participante que lava soa e comeza a conversa cando chegan outras mulleres; por último, en LAVGRE2 hai dúas mulleres conversando entre elas e, ó chegaren outros participantes, intégranos na súa conversa. En calquera dos casos, os eventos comunicativos de lavadoiro están constituídos por unha conversa central e, segundo o momento, pode que unha ou varias conversas subgrupais (cando dúas persoas –ou máis– falan á marxe). Nós, no presente traballo, atendemos aquelas conversas que se producen de maneira centralizada, que abranguen o máximo espazo de interacción.

Xa dixemos (cfr. S) que neste tipo de eventos comunicativos de lavadoiro, polas súas características (disponibilidade horaria dos usuarios, duración da práctica do lavado, etc.), non é posible prever nin o inicio exacto da conversa nin a duración da mesma. De maneira xeral, un participante vai lavar ó lavadoiro e tarda un tempo relativamente breve en desenvolver a acción –no noso corpus, é de 40 min de media– e, durante este tempo, conversa coas outras mulleres. Este é o evento comunicativo de lavadoiro en si mesmo e o seu esquema básico correspóndese coa estrutura habitual das conversas espontáneas:

Esquema básico (eventos comunicativos de lavadoiro)	
INICIO	Secuencias de apertura: saúdos, petición de información, comentarios fáticos, queixas, etc.
DESENVOLVEMENTO	Secuencia intermedia
FINAL	Secuencia de peche

Para os casos en que uns participantes se atopan desenvolvendo o evento comunicativo e se incorporan outros, prodúcense saúdos tamén tipificados (de feito, para estes usuarios que acaban de chegar *inicia* en si mesmo o evento comunicativo e, polo tanto, os saúdos coinciden cos prototípicos). Vemos exemplos de saúdos nos casos 2, 3 e 4 antes sinalados. Baseándonos en autoras como Corpas Pastor (1996) e Álvarez de la Granja (2002), os saúdos tipificados utilizados nas catro conversas de lavadoiro analizadas poden ser clasificados como *fórmulas organizadoras do discurso* (Gestido de la Torre, 2005, 2006), e recoñécese varios tipos segundo o seu valor funcional sexa de apertura ou de peche:

- De apertura: *ola* (LAVCAR1, 184-185, 789; LAVCAR2,1; LAVGRE1, 30; LAVGRE2, 358), *ola, que tal?* (LAVGRE1, 28-29, LAVGRE2, 9-10), *buenas tardes* (LAVGRE1, 1, 2; LAVGRE1, 2010; LAVGRE2, 31), *ola buenas* (LAVCAR1, 18), *boas tardes* (LAVGRE2, 356). Son frecuentes saúdos non tipificados, que consisten en breves secuencias ou períodos cos cales a intencionalidade do acto de fala é procurar a diversión, a modo de broma, pero á vez recibir abertamente a quen entra e consolidar os lazos de relación: *vós vindes cedo* (LAVCAR1, 634), *que, mosa* (LAV CAR1, 788), e un terceiro exemplo (caso 6) en que o interlocutor participa do xogo respondendo de maneira literal a pregunta, feito que causa un momento de distensión.

806 G	que dis	
807	#nome#	[saúda a H]
808 H	que queres que che diga? ↓	[saúda a G]

Caso 6. LAVCAR1. Fórmula organizadora do discurso de apertura e réplica.

- De prepeche e/ou peche conversacional: *ala, hasta logbiño* (LAVCAR1, 839-840; LAVGRE1, 904-905), *talogho* (LAVCAR1, 841; LAVGRE1, 907), *bueno, vamos alá* (LAVCAR2, 177-179), *adios ghuapa* (LAVCAR 2, 182).

3.4.2. Contido. É característico que haxa unha disposición para tratar diversidade de aspectos (cfr. S, escena psicosocial), que se introduzan novos temas e que se cambien de maneira espontánea e sen xustificación¹⁷. Esta situación

¹⁷ Esta situación dista moito, por exemplo, de eventos comunicativos formais como a clase, as entrevistas ou os xuízos, nos cales os temas se planifican con anterioridade e se inician de maneira controlada e xustificada.

derívase da natureza espontánea das interaccións, do seu estilo coloquial (cfr. G), da clave interpretativa coa que se desenvolven (K) e tamén dos fins que perseguen (E), sempre en relación co marco que ofrece a escena psicosocial (cfr. S).

As nosas conversas foron segmentadas en secuencias narrativas de acordo cos temas tratados en cada unha delas. En xeral, os máis frecuentes son: o clima, o propio lavadoiro (estado da auga, conservación da construción, a roupa, o sitio, etc.), a saúde (enfermidades), terceiras persoas (familiares, veciños, coñecidos), problemas comúns da veciñanza, labores do campo, o tempo (incerteza do futuro, reconstrución do pasado –recente e remoto–, contraste pasado-presente, etc.), anécdotas, etc. Considerando estes casos, non podemos dar conta da existencia dun tipo específico e exclusivo de temas para os eventos comunicativos de lavadoiro, aínda que si comprobamos que se introducen temas que, desde o punto de vista da compoñente G, poden considerarse caracteristicamente como propios de rexistros comunicativos coloquiais e dominios institucionais concretos, como a veciñanza (cfr. G).

3.5. Clave interpretativa (K, key)

A clave interpretativa depende do posicionamento (cfr. P) dos falantes así como das súas intencións comunicativas. Os indicios de contextualización que nos dan pistas sobre as intencións comunicativas poden ser de diferente natureza: lingüísticos, paralingüísticos, quinésicos e proxémicos.

Entre os indicios de natureza lingüística, debemos destacar o emprego de alternancias de código (Gumperz, 1982) na medida en que son elementos de natureza pragmática que transmiten (indirectamente) as intencións dos propios participantes e contribúen a constituír a clave interpretativa do evento comunicativo¹⁸. Un exemplo de alternancia de código vímolo no caso 1; outros son os seguintes (casos 7, 8 e 9):

436 E [[ac] chámanlle ó sitio::] →
437 á veigha esa →

¹⁸ Polas alternancias constituíren un recurso multifuncional (e polo carácter flexible da sistematización que ofrece o Speaking), poderían situarse tamén noutras compoñentes como, por exemplo, en I por alteraren os códigos mesmos ou en N porque o manexo destes recursos funcionais implica un grao elevado de competencia comunicativa dos usuarios.

- 438 donde:: {[ac][f] eso} ↓
 439 <2>
 440 {[dc][f] a:i} **dios mio!**
 441 <1>
 442 {[a] xa terminastes todos os traBALlos?} ↑ [mirando para A e C]

Caso 7. LAVGRE1. A falante, logo dun breve período de conversa, fai unha pausa de 2 segundos (liña 439) e conclúe expresivamente en castelán (liña 440) o período anterior para, ela mesma e volvendo ó galego, iniciar unha nova secuencia da conversa con cambio de tema (liña 442).

- 381 C {[a] [f] **vinistes tú SOLa**} →
 382 [**o quién te trajo** ↓ ↴ [mirando para G]
 383 G [**no::** ↓ [sentada no lavadoiro, mirando
 para C]
 384 {[dc] **vine con mi padre**} ↓

Caso 8. LAVGRE2. C fala durante todo o evento comunicativo en galego pero pasa ó castelán cando interacciona, nunhas poucas intervencións, cunha nena, G, en castelán (liñas 381 e 382). Asocia o uso do código castelán coa identidade conversacional da nena (e, xa que logo, co seu estilo conversacional).

- 416 C hai unha aí na miña →
 417 unha rapasa na miña (XXX) →
 418 {[f] #nome#} ↑↑
 419 que ten catro aniños ↓
 420 e a nai MÉtelle →
 421 {[ac] **mira pues así**} ↓
 422 {[dc] **esa es tu abuela pero no es tu abuela**} ↓
 423 porque quen é teu pai non é teu pai →

Caso 9. LAVGRE2. C fala en galego todo o tempo, pero pasa ó castelán para recrear as palabras que mencionou supostamente outra persoa (liñas 4221 e 422), e fáino en castelán co fin de darlle credibilidade á súa mensaxe.

A prosodia engloba aspectos diversos como o ton, o volume, a altura, o timbre, a velocidade de elocución, o ritmo e curva melódica ou entoación; o manexo destes trazos colabora de maneira moi directa na creación conversacional

do marco interpretativo de cordialidade e distensión que caracteriza este tipo de conversas de lavadoiro. A clave interpretativa xeral é moi participativa, existe unha gran relaxación nas relacións entre os interlocutores, prodúcese un trato de elevada confianza con algúns temas (mesmo de carácter persoal) e teñen cabida pequenas bromas entre os participantes (como vimos en A). En xeral, prodúcense abertamente os risos, a velocidade de elocución é rápida, mesmo ás veces moi rápida, e é moi recorrente o uso da entoación e o volume alto con fins expresivos, sobre todo marcando con esaxeración os tonemas finais (prosodia característica desde o punto de vista dialectal).

Non hai un comportamento medido respecto da quinésica nin da proxémica. Polo xeral, a distancia interpersoal é reducida, de acordo coas características do propio lavadoiro. Os brazos están en constante movemento e ocupados coa roupa e, polo tanto, cando se pretende sinalar ou indicar o tamaño ou forma de algo, esaxéranse de maneira moi marcada os movementos. Para comprobar un participante que os interlocutores lle están prestando atención, realiza un xiro de cabeza, a modo de panorámica, cos cales os vai recoñecendo, e isto *retroalimenta* a súa vez ou quenda; é posible que un interlocutor que teña a quenda de fala deixe de lavar e realice un movemento contra atrás do corpo para erguerse e procurar amplitude de campo, buscando a separación co lavadoiro e concentrando mellor as miradas dos interlocutores, espazo no cal pode mesmo escenificar algunha situación narrada. Podemos poñer como exemplo o caso 10.

- 803 C o tourón
 804 E o tourón →
 805 así ↓ [deixa de lavar; indica o tamaño coas mans]
 806 máis ou menos →
 807 <2>
 808 era o que nos comía todo
 809 <2>
 810 {[ac][a] súbete pola palleira} →
 811 e tíracha

Caso 10. LAVGRE1. E narra os problemas que lle causan os animais salvaxes nas colleitas. Mentres fala, separada do lavadoiro e erguida, sinala coas mans o tamaño do animal.

3.6. Instrumentos (I, instrumenalities)

3.6.1. Canle. Os eventos comunicativos de lavadoiro desenvólvense a través dunha canle oral, visual e auditiva, non mediatizada. De feito, correspóndese tipicamente co modo de produción oral, espontáneo, co diálogo en copresenza física.

3.6.2. Código (formas de fala). En xeral, a maioría dos falantes do noso corpus posúen un repertorio comunicativo bilingüe constituído polas variedades de galego e castelán. Os usuarios utilizan o galego case en exclusiva e o castelán queda relegado ás alternancias de código (cfr. K) e a dous participantes non relevantes conversacionalmente. O galego atópase caracterizado polos fenómenos dialectais típicos do territorio analizado (cfr. S, espazo) que, desde o punto de vista dialectal, Fernández Rei (1991) define como bloque occidental da área pontevedresa, da subárea Ulla-Umia e da microsubárea Morrazo-Fragoso. De acordo con este autor, os trazos máis significativos son:

Gheada: con realización fricativa faringal xorda [h] (LAVGRE1: *aghua*, 239; *amigho*, 36; *salgheiro*, etc.); en contexto postnasálico, ten tendencia á realización oclusiva velar xorda [k] (LAVGRE1: *mankeira*, 2163; *tanko*, 2354; *dominkos*, 2407, etc.).

Seseo prenuclear (LAVGRE1: *bagbaso*, 552; *onse*, *dose*, 818) e posnuclear (LAVCAR2: *rapás*, 136; *des*, 1610). O seseo non é predorsal.

Despalatalización da fricativa palatal xorda, con caída da vogal seguinte (LAVCAR1: *peis*, 412).

Non se observou palatalización do fricativo apicoalveolar xordo en posición posnuclear total.

Ti como pronome suxeito.

Plural en *-ns* dos nomes rematados en *-n*. (LAVCAR2: *vacacións*, 55; LAVGRE1: *cans*, 723, *masáns*, 1656).

Terminación *án* sen distinción de xénero en *irmán/á*: (LAVGRE1: *o meu irmán*, 345; LAVCAR1: *á túa irmán tampouco*).

Uso do arquilexema *mirar* (indistinción entre *ver* e *mirar*). LAVGRE1: *mirar no a miro, desde logho*, 911; *miras un poco* [a TV], 2270; LAVCAR1: *da ghusto mirar tanta xente*, 680).

Formas con acentuación etimolóxica nas P4 e P5 de IPimp (LAVGRE1: *lavabámola*, 1458; *erámolos*, 1483).

Radical *trui-* como tema de perfectó do verbo traer (LAVGRE1: *truien*, 883, 2212, 2330).

Ditongo *-oi-* en *moito* (LAVCAR1: 116).

Desde o punto de vista estrutural e diacrónico, esta variedade preséntase *interferida* pois posúe graos distintos de incorporación de préstamos e interferencias nos diferentes niveis gramaticais, dos cales sinalamos como exemplo, por abundantes, o emprego de castelanismos (LAVCAR1: *costumbres*, 56; *lavaderos*, 203; LAVGRE1: *pueblo*, 654; *escuela*, 1505). Son destacables outros fenómenos que se caracterizan por incluír o trazo estilístico [+ coloquial] en formas como (LAVGRE2: *ghoder*, 1004; *aghora falaches* 1011; *é o que hai*, 1009), a pronuncia relaxada de palabras en casos de caída de segmentos finais (LAVGRE2: *pa* por *para*, 966; *relús* por *reluse*, 1059), o uso de repeticións, titubeos, onomatopeas e formas expresivas do tipo *bueh*, *boh*, *ufff*, *mimá*, *ah*, *tristristris*.

3.7. Normas de uso (N, norms of interaction and interpretation)

Esta compoñente describe as *regras do xogo* comunicativo¹⁹. Nos eventos comunicativos de lavadoiro distinguimos dous tipos de normas grupais de uso: normas *ligadas* á práctica de lavado e normas *relevantes* conversacionalmente.

Respecto das primeiras, podemos sinalar como características aquelas normas que regulan o uso do propio lavadoiro. Se se cumpren estes requisitos mínimos, asegúrase un correcto desenvolvemento do evento comunicativo. Así, percibimos no lavadoiro da Grela que o primeiro tipo de roupa que deben lavar as mulleres é a *branca* (a máis delicada e menos lixada), fronte a outra máis lixada (alfombras, roupa de traballo, etc.). Se fose ó revés, a roupa de traballo deixaría a auga do depósito inservible para o lavado da outra roupa (caso 11).

- | | | |
|--------|-----------------------------------|---|
| 1080 E | estás a lavar roupa branca non? ↑ | [mirando a A] |
| 1081 | vou lavar esa estela logho | [collendo a peza de roupa] |
| 1082 A | vou lava-la sábane namais ↓ | [sen deixar de lavar] |
| (...) | | [empezan a lavar a roupa sucia mentres continúan falando] |
| 2023 A | non temos roupa ↑ | [sen lavar, diríxese á filla] |
| 2024 C | no: → | [mirando para a nai] |

¹⁹ Hymes non ofreceu unha sistematización desta compoñente, que é enormemente complexa pois contén todos aqueles elementos implícitos e explícitos (segundo terminoloxía de Boix e Vila, 1998: 127) compartidos que constitúen a competencia comunicativa da comunidade de fala dos usuarios dos lavadoiros, e que se manteñen en conexión coas normas de actuación e de interpretación.

- 2025 A deixamos na casa dous edredóns aínda
2026 E {[ac] bueno aora a aghua está limpa →
2027 pero pudeches lavar os edredóns antes} ↑↑ [segue a lavar]
2028 C outro día [escusando a nai, dirixíndose a E]
2029 A outro día [intervención ecoica: a nai mostra
apoio á filla]
2030 E iso pudéchelo lavar antes ↑

Caso 11. LAVGRE1. Negociación entre *A* e *E*. *E* pide permiso para poder lavar roupa *escura* (líñas 1080-1082). Unha vez que *E* empeza a lavar a roupa sucia, *A* dáse de conta de que non acabara coa roupa branca, e *E* escúsase por manchar a auga culpando a *A* (líña 2027).

Outra das normas observadas é que cada muller ten que deixar limpo o espazo que utilizou unha vez rematado o seu lavado. A ocupación que se fai do espazo de traballo, ademais, debe ser axustada, sen excesos, mesmo cando hai pouca xente no lavadoiro; tamén se observa que cada unha das mulleres coida especialmente que os seus utensilios non molesten a ningunha das outras mulleres (carreta, caldeiros, etc.), que non queden atrancando o corredor nin o resto dos lousados (casos 2, 3 e 4, xa comentados).

Conversacionalmente, para o conxunto de interaccións de natureza espontánea, dialogal (cfr. I, canle) e coloquial (cfr. G), Sacks, Schegloff e Jefferson (1974) presentan unha serie de características que regulan os usos que posibilitan o funcionamento e permiten acadar o éxito do evento comunicativo. A interacción concíbese como unha sucesión de intervencións, como un sistema de toma de quendas que responde a unha serie de principios que actúan de maneira conxunta e regulan o desenvolvemento da mesma. Para a nosa análise, partimos de perspectivas analíticas máis recentes que ofrecen outros autores (Gallardo Paúls, 1996, 1998; Kerbrat-Orecchioni, 1998: 184), de acordo coas cales evidenciamos nas nosas conversas as seguintes normas básicas: 1, prodúcese alternancia de veces ou quendas entre os falantes; 2, a orde de intervención dos participantes é variable, e existe a tendencia de que cada un replique o comentado polo anterior; 3, a duración das quendas é variable e é o interlocutor quen interpreta e decide o momento en que iniciar a súa vez; 4, o contido das quendas non está predeterminado (factor máis característico); 5, o número de participan-

tes no evento comunicativo é variable, pero as quendas conversacionais organízanse a cada dúas persoas (e o falante seguinte pode intervir por autoselección ou por heteroselección); 6, a lonxitude do evento comunicativo non está predefinida (pero ten unha duración media aproximada, cfr. S); 7, a construción xeral da conversa é miúda, realízase quenda por quenda, e cada vez condiciona a seguinte (conversas non planificadas, modificación constante das estratexias discursivas dos participantes).

O respecto destes trazos reguladores básicos posibilita a marcha das conversas e, ó abeiro delas, os falantes constantemente interaccionan co medio. Posto que estes puntos constitúen a norma para este tipo de conversas, a violación dalgún deles, precisamente, sería percibido polos interlocutores como un fenómeno marcado, suxeito a un proceso de *interpretación* para xustificar ou explicar o cambio²⁰.

3.8. Xéneros (G, genre)

Desde o punto de vista xenérico discursivo e de acordo coa sistematización ofrecida por Briz Gómez (2000: 41), as conversas que se producen nos eventos comunicativos de lavadoiro son coloquiais de tipo prototípico (pertencen ó protóxénero de conversas coloquiais)²¹.

Por canto que se entende como característico un *dominio institucional* da veciñanza (xunto con outros como a familia, o traballo, a escola e a relixión), e está definido por un conxunto de factores psicolóxicos, sociais, contextuais e comunicativos propios (Fishman, 1972; Moreno Fernández, 1998: 163), podemos constatar a existencia dun xénero discursivo propio da veciñanza que permite recoñecer entre os veciños a existencia de prácticas comunicativas funcionalmente condicionadas por factores sociais ou contextuais similares, tales como os roles dos participantes, os temas tratados, os escenarios de contacto, etc.


²⁰ Outros fenómenos que poderían ser sinalados nesta compoñente son as alternancias de código (xa tratadas en K), a valoración do cumprimento do principio de cooperación de Grice (1975), as estratexias discursivas (Briz Gómez, 1998/2000), a intencionalidade xeral dos actos de fala, a cortesía, as presuposicións e o coñecemento compartido, a transgresión das normas, etc., que non tratamos por razóns de espazo.

²¹ Entre outros motivos, porque se establece entre os participantes unha relación social e funcional de igualdade, unha relación vivencial de proximidade, trátase unha temática non específica, todo dentro dun marco discursivo de complicidade; non existe planificación do evento comunicativo, o ton é informal e a finalidade básica é fática (Briz Gómez, 1998/2000: 41).

Baseándonos nos argumentos de Calsamiglia & Tusón (1999: 260), polo conxunto de características dos eventos comunicativos de lavadoiro definidas a través do *SPEAKING* (sobre todo das compoñentes S, P e E), estamos en condicións de poder recoñecer os eventos comunicativos de lavadoiro como constitutivos tipicamente dun grupo de conversas que se situarían dentro do xénero discursivo da veciñanza, como subxénero de conversas de lavadoiro.

Finalmente, ademais, en función da escena psicosocial (cfr. S) e en relación cos temas (cfr. E), no noso corpus observamos que os falantes van desenvolver unha serie de xéneros *incrustados* (segundo terminoloxía de Tusón, 1997) característicos: fala sobre terceiros (rexoubas), historias de queixa (sobre problemas comúns da veciñanza e persoais de cada participante), historias de vida (relato sobre a vida de diversas persoas, coñecidas ou non), xéneros narrativos e reconstitutivos (historias relacionadas con experiencias pasadas).

Graficamente:



... onde A representa o protoxénero de conversas coloquiais, B o xénero de conversas de veciños e C o subxénero de conversas de lavadoiro; os asteriscos (*) representan os xéneros incrustados.

4. Conclusión

Desde o punto de vista da etnografía da comunicación, os lavadoiros, ademais de construcións que aproveitan a auga do río para posibilitar o lavado de roupa, constitúen un espazo que agocha unha actividade sociocultural e comunicativa tradicional de elevado interese etnográfico e comunicativo, hoxe en perigo

de extinción. As interaccións que se producen nestes contextos definíronse no noso traballo como eventos comunicativos de lavadoiro e, como trazos salientables, comprobamos que estes encontros se desenvolven nun marco interactivo coloquial, non formal, encadrado no ámbito institucional dos veciños. De todos os aspectos sinalados, son importantes os factores espaciais (pola concreción física e o marco psicosocial, dotado da exclusividade da participación feminina), os conversacionais (pola ausencia dunha xerarquía de roles, pois todas actúan como lavadeiras), a finalidade clara do evento comunicativo (lavado de roupa pero, secundariamente, conversa ou reunión social), a diversidade de temas tratados, a clave interpretativa distendida e amena, etc. Estas características, en conxunto, permítennos considerar a existencia dun subxénero propio de conversas de lavadoiro (situadas dentro do xénero de conversas dos veciños, integrantes do protoxénero de conversas coloquiais).

5. Apéndice

5.1. Identificación dos códigos lingüísticos: en redonda, para o galego; en negraña, para o castelán; en cursiva, para os fragmentos de recoñecemento ambiguos.

5.2. Organización das secuencias:

Solapamento de voces: $\left[\begin{array}{l} \textit{voice overlapping} \\ \textit{voice overlapping} \end{array} \right]$

5.3. Pausas de máis dun segundo: <aquí o número de segundos ou minutos>

5.4. Prosodia e entoación:

Segmento de afecta o fenómeno: {fenómeno}

Rexistro melódico: alto ou agudo [a], baixo ou grave [b]

Volume: relativamente *fortis* [f], relativamente *piano* [p]

Tempo: relativamente acelerado [ac], relativamente decelerado [dc]

Tons ou grupos melódicos finais: última ou dúas últimas sílabas ascendentes (↑), última ou dúas últimas sílabas descendentes (↓), dúas últimas sílabas sostidas (→), subida final máis marcada (↑↑), baixada final máis marcada (↓↓).

5.5. Realce de certos tipos de sons:

Elevación do volume nun determinado segmento (MAIÚSCULAS)

Son alongado con dous puntos para longo (:), máis longo (::), moito máis longo (:::)

Son, palabra ou segmento reconstruído: (entre parénteses)

Sílaba, palabra ou segmento inintelixible: (XX)

5.6. Sinais quinésicos, proxémicos e outros comentarios: entre corchetes [risos]

5.7. Outros: omisión de transcripción de veces (...), substitución de antropónimos e topónimos #nome#, #lugar#.

Referencias bibliográficas

- Álvarez de la Granja, M. (2002). *Aproximación ó estudio das unidades fraseolóxicas en galego: as locucións verbais*. Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.
- Bachmann, Ch., J. Lindenfeld & J. Simonin (1981). *Language et communications sociales*. París: Hatier-Credif.
- Baylon, C. (1991). *Sociolinguistique. Société, langue et discours*. Poitiers: Édition Nathan.
- Boix i Fuster, E. & F. X. Vila i Moreno (1998). *Sociolingüística de la llengua catalana*. Barcelona: Ariel.
- Briz Gómez, A. (2001). *El español coloquial en la conversación*. Barcelona: Ariel.
- Calsamiglia Blancafort, H. & A. Tusón Valls (1999). *Las cosas del decir. Manual del análisis del discurso*. Barcelona: Ariel.
- Cardona, G. R. (1976). *Introduzione all'etnolingüística*. Boloña: Società editrice il Mulino.
- Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.
- Cots, J. M. (1998). *Teaching by chatting. A pragmatic analysis of instructor-student conversations at american university*. Quaderns de Sintagma, 1. Lleida: Universitat de Lleida.

- Duranti, A. (1994). *Etnografía del parlare quotidiano*. Roma: La Nuova Italia Scientifica.
- Duranti, A. (2000). *Antropología Lingüística*. Madrid: Cambridge University Press.
- Fernández Rei, F. (1991). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fishman, J., ed. (1972). *Readings in the Sociology of Language*. París/A Haia: Mouton.
- Gallardo Paúls, B. (1996). *Análisis conversacional y pragmática del receptor*. Valencia: Ediciones Episteme.
- Gallardo Paúls, B. (1998). *Comentario de textos conversacionales. I. De la teoría al Comentario*. Madrid: Arco Libros.
- Gestido de la Torre, E. (2005). *Perspectiva etnográfica para a análise do galego coloquial. Revisión teórica e aplicación do modelo Speaking ós eventos comunicativos de sobremesa; consideracións sobre as fórmulas*. Tese de licenciatura inédita. Vigo: Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.
- Gestido de la Torre, E. (2006). “*Outro café? Aproximación ó estudo do ofrecemento en contexto de sobremesa*”, *Madrygal* 9, 53-62.
- Gestido de la Torre, E. (2007). “O modelo SPEAKING de Hymes: posta a punto teórica e aplicación ás situacións comunicativas de sobremesa”. In P. Cano López et al., ed. *Actas do VI Congreso de Lingüística General*. Vol. III, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 3257-3273.
- Goffman, E. (1981). *La presentación de la persona en la vida cotidiana*. Buenos Aires: Amorrortu Editores.
- Grice, P. (1975). “Logic and conversation”. In D. Davidson & G. Harman (eds.), *The logic of Grammar*. California: Dickenson, 64-74.
- Gumperz, J. J. & D. Hymes (eds.) (1964). “The ethnography of communication”. *Special publication. American Anthropologist* 66 (6), part 2.
- Hymes, D. (1962). “The Ethnographic of Speaking”. In B.G. Blount (ed.) (1995), *Language, Culture and Society. A book of readings*. Illinois: Waveland Press, 248-82.
- Hymes, D. (1964). “Toward Ethnographies of Communication: The Analysis of Communicative Events”. In P.P. Giglioli (1972), *Language and social context*. Harmondsworth: Penguin Books, 21-44.

- Hymes, D. (1967). "Models of the Interaction of Language and Social Setting". *Journal of social issues* 23, 2, 8-28.
- Hymes, D. (1972). "Models of the Interaction of Language and Social Life". In J. J. Gumperz & D. Hymes (eds.) (1982), *Directions in Sociolinguistics. The Ethnography of Communication*. Oxford: Basil Blackwell, 35-71.
- Kerbrat-Orecchioni, C. (1998). *Les interactions verbales*, vol 1, *Approche interactionnelle et structure des conversations*. Paris: Armand Collin.
- Lorenzo, X. (1983). *Os oficios*. Vigo: Galaxia.
- Moreno Fernández, F. (1998). *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje*. Barcelona: Ariel.
- Raga Gimeno, F. (2005). *Comunicación y cultura*. Madrid & Frankfurt: Iberoamericana & Vervuet.
- Rivas Quintas, E. (2000). *Rega e outros servicios*. Léxico rural do noroeste hispánico, 19. Ourense: Grafo Dos.
- Sacks, H., E. Schegloff & G. Jefferson (1974). "A simplest Systematics for the organization of turntaking for conversation", *Language* 50, 696-735.
- Tusón, A. (1997). *El análisis de la conversación*. Barcelona: Ariel.
- Vega Cerqueiro, M^a (2002). *As lavandeiras*. Vigo: A Nosa Terra.

